



# CONCELLO DE ARANGA

## **EXERCICIO TIPO TEST**

*O presente exame será contestado na plantilla que se adxunta, rodeando cun círculo a resposta que se considere correcta. No caso de querer correxir unha resposta, anularáse tachándoa cunha X.*

*Na plantilla, cubriráanse os datos persoais na primeira parte da folla, e , antes de entregalo, separarase , polos puntos, de xeito que se garante o anonimato.*

**SORTE.**

**1.-** O título da Constitución que trata da Reforma Constitucional é o:

- a) Décimo
- b) Primeiro
- c) Noveno

**2.** Son elementos do municipio:

- a) O territorio, o patrimonio e a poboación
- b) O territorio, a organización e a poboación
- c) O territorio, a poboación e os recursos económicos

**3.** Cal destas afirmacións é correcta:

- a) A Xunta de goberno local existe en todos os Municipios de máis de 5000 habitantes, só cando así o dispoña o seu Regulamento orgánico.
- b) A Xunta de goberno local existe en todos os Municipios , só no caso de que o acorde o pleno municipal.
- c) A Xunta de goberno local exerce as atribucións que lle delegue outro órgano municipal ou le atribúan as leis.

**4.** Os Bandos municipais os dita:

- a) O Alcalde
- b) O alcalde e o primeiro Teniente de Alcalde
- c) O Pleno ou o alcalde, indistintamente

**5.** Constitúe un servizo de prestación obrigatoria en todos os concellos:

- a) O tratamento e recollida de residuos sólidos urbanos.
- b) As instalacións deportivas de uso público
- c) O abastecimento domiciliario de auga potable

**6 .** Na notificación de todo acto administrativo, non é necesario que conste sempre:

- a) O seu texto íntegro
- b) Os recursos que contra o mesmo procedan
- c) Os motivos nos que se basa a decisión

**7.** ¿ Qué entendemos por un acto firme?

- a) É o que non se pode recurrir
- b) É o que pon fin ao procedemento administrativo
- c) É o ditado pola administración en vía de recurso, exclusivamente.

**8.** A clasificación e distribución dos documentos do Rexistro é competencia legal, segundo o Regulamento de Organización, Funcionamento y Réxime xurídico das entidades locais, do:

- a) Presidente da Corporación
- b) Secretario da Corporación
- c) Encargado do Rexistro

**9.** Segundo a lei 9/2007, de 13 de junio, de Subvencións Galicia, a xestión das subvencións realizaráse, entre outros, de acordo cos principios de :

- a) Publicidade, obxetividade, transparencia e igualdade
- b) Publicidade, transparencia, economía e obxectividade.
- c) Publicidade, celeridade, igualdade e transparencia

**10.** A quen corresponde publicar, executar e facer cumprir os acordos do concello?

- a) Ao Pleno municipal
- b) Ao alcalde
- c) Ao secretario ou secretario- interventor municipal

**11.** Está obrigada a administración a ditar resolución expresa:

- a) En todos os procedementos, e notificala no prazo que sinala a norma reguladora do procedemento.
- b) En todos os procedementos, salvo os supostos de terminación por pacto ou convenio e os relativos ao exercicio de dereitos sometidos a declaración responsable ou comunicación á administración.
- c) En todos os procedementos, incluídos os relativos ao exercicio de dereitos sometidos a declaración responsable ou comunicación previa.

**12. O Rexistro electrónico Xeral en cada administración:**

- a) Recollerá exclusivamente o asento de todos os documentos presentados o que se reciban en calquera órgano administrativo .
- b) Require unha disposición de creación que se publicará no diario oficial correspondente.
- c) Será un rexistro único para todos os organismos dependentes de cada administración.

**13. Os actos administrativos integrantes dun procedemento selectivo o de concorrencia competitiva:**

- a) Serán obxecto de publicación , no lugar que sinala a convocatoria, sen os efectos dunha notificación.
- b) Serán obxecto de publicación, no lugar que sinala a convocatoria, cos efectos dunha notificación.
- c) Serán obxecto de publicación en calquera lugar de acceso público, con independencia do que sinala a convocatoria.

**14. Enténdese cumprida a obriga de notificación en prazo:**

- a) Si existe intento de notificación debidamente acreditado, e esta contén, a lo menos, o texto íntegro da resolución.
- b) Si consta acuse de recibo e a notificación contén , a lo menos, o texto íntegro da resolución.
- c) Si existe intento de notificación debidamente acreditado, con independencia do seu contido.

**15. Nas notificacións electrónicas :**

- a) Serán cursadas no prazo de dez días a partir da data en que se ditara o acto.
- b) Se entende aceptada se transcurren dez días naturais dende a súa posta a disposición sen que se acceda ao seu contido, nos casos nos que a notificación electrónica sexa obligatoria.
- c) Se entende practicada a notificación , cando se pon a disposición na sede electrónica.

**16. Os actos da administración, suxeitos a dereito administrativo:**

- a) Presúmense válidos e teñen sempre efectos retroactivos.
- b) Presúmense válidos e producen efectos dende que se ditén, salvo que os mesmos dispoñan outra cousa.
- c) A súa eficacia non queda demorada polo solo feito de estar supeditados a súa publicación.

**17.** O recurso extraordinario de revisión procede:

- a) Contra as disposicións administrativas de carácter xeral, exclusivamente, e só nos casos taxados na lei 39/2015 .
- b) Contra os actos firmes en vía administrativa , cando xeren indefensión o perxuício irreparable aos dereitos ou intereses lexítimos.
- c) Contra os actos firmes en vía administrativa, nos casos taxados na lei 39/2015.

**18.** O principio en virtude do cal o cidadán está amparado por unha lexislación non suxeita a continuos vaivéns é o de:

- a) Legalidade
- b) Publicidade normativa
- c) Seguridade xurídica

**19.** Un exemplo de acto de trámite é un/unha:

- a) Decisión con que conclúe o procedemento
- b) Renuncia
- c) Informe emitido nun procedimientto

**20.** O prazo máximo para dictar e notificar a resolución nun recurso de alzada é de:

- a) Un mes.
- b) Dous meses.
- c) Tres meses.

**21-** Segundo a Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de Autonomía de Galicia, non é unha competencia exclusiva da CC.AA. galega:

- a) Asistencia social.
- b) Establecementos farmacéuticos.
- c) Promoción do deporte e adecuada utilización do ocio.

**22.-** Os servizos sociais especializados terán como función:

- a) A identificación de grupos de poboación vulnerables e a detección precoz de situacións de risco para o desenvolvemento de actuacións de carácter preventivo e de promoción social.
- b) A elaboración dun plan de intervención comunitaria.
- c) Prestar colaboración e asesoramento técnico aos servizos sociais comunitarios.

**23.-** Os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento están regulados:

- a) Pola Lei 13/2008 do 3 de decembro.
- b) Polo Decreto 148/2014 do 6 de novembro.
- c) Polo Decreto 99/2012 do 16 de marzo.

**24.-** O sistema galego de servizos sociais estrutúrase:

- a) En forma de rede.
- b) En disposición horizontal.
- c) En disposición vertical.

**25.** Integra o sistema galego de servizos sociais, segundo a lei 3/2018:

- a) O conxunto de servizos, programas e prestacións de titularidade pública , acreditados e concertados pola administración nos termos establecidos na presente lei.
- b) O conxunto de servizos, programas e prestacións , tanto de titularidade pública como de titularidad privada, acreditados e concertados pola administración nos termos establecidos na presente lei.
- c) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

**26.** As intervencións, programas, servizos e prestacións incluídas no Catálogo de Servizos sociais de Galicia, poden ser:

- a) Esenciais e non esenciais
- b) Esenciais e normalizadoras
- c) Normalizadoras e non normalizadoras

**27.** No artigo 21.3 da Lei 10/2013 de Inclusión de Galicia sinalase que no caso de que non existan menores na unidade de convivencia, a contía do tramo persoal e familiar da RISGA será de:

- a) 120 % do IPREM
- b) 75% do IPREM
- c) 75% do SMI

**28.** Segundo o artigo 42 da Lei 10/2013 de Inclusión de Galicia, os beneficiarios e as beneficiarias da renda de inclusión social terán as seguintes obrigas en relación á percepción regular da prestación económica:

- a) Solicitar a baixa na prestación económica ou nalgún dos seus tramos, no prazo de dez días a partir do momento en que se deixen de reunir os requisitos esixidos para a súa percepción.
- b) Comunicar no prazo de dez días o acceso a un emprego.
- c) As dúas opcións son incorrectas.

**29.** Segundo a Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia, no seu artigo 21, a libranza vinculada á adquisición de servizos de atención a persoas en situación de dependencia terá a consideración de

- a) Normalizadora e será esixible nos termos da súa norma reguladora.
- b) Esencial e será esixible nos termos da súa norma reguladora.
- c) Todas son correctas

**30.** Segundo o artigo 18 da lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia, o Catálogo de servizos sociais está integrado polo conxunto de intervencións, programas, servizos e prestacións que a continuación se relacionan:

- a) Intervencións ou servizos de natureza material ou tecnolóxica e servizos e actuacións de carácter técnico-profesional.
- b) Prestacións económicas orientadas a satisfacer necesidades pecuniarias valoradas dos individuos ou das familias e a estimular a súa incorporación social e laboral.
- c) Todas son correctas.

### **SUPLETORIAS**

**1.** De que fases secuenciales consta a tramitación dun expediente de “ Solicitud de Servizo de Axuda non Fogar” en Tedec:

- a) Inicio, Ordenación, Instrución, e Terminación.
- b) Inicio, Instrución, Terminación, Execución e Arquivo.
- c) Inicio, Instrución, Terminación e Arquivo.

**2.-** Cando nunha solicitude, escrito ou comunicación figuren varios interesados:

- a) As actuacións a que dean lugar efectuaránse co representante ou ou interesado que expresamente sinalasen, e, non seu defecto, co que figure en primeiro termo.
- b) As actuacións a que dean lugar efectuaránse co que figure en primeiro termo sempre.
- c) As actuacións a que dean lugar efectuaranse unicamente co representante

**3.** ¿Qué actos das Administracións Públicas son nulos de pleno dereito?

- a) Os actos presuntos.
- b) Os que lesionan os dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional.
- c) Os que incurran en calquera infracción do ordenamento xurídico.

4.- A aprobación das ordenanzas locais someteráse a un período de de información pública e audiencia aos interesados por un período mínimo de:

- a) Trinta días
- b) Un mes
- c) Dous meses

5 .De acordo co artigo 11 da Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia non son funcións dos servizos comunitarios básicos:

- a) A xestión de equipamentos comunitarios para sectores de poboación con necesidades específicas.
- b) A elaboración dun plan de intervención comunitario acorde coas necesidades detectadas ou anticipadas no diagnóstico social.
- c) A identificación de grupos de poboación vulnerables e a detección precoz de situacións de risco para o desenvolvemento de actuacións de carácter preventivo e de promoción social.